

## O DEMOSTRATIVO

Os demostrativos contraen coas preposicións **de** e **en** do seguinte xeito:

|           |             |              |             |              |           |            |             |            |             |           |              |                |               |                |
|-----------|-------------|--------------|-------------|--------------|-----------|------------|-------------|------------|-------------|-----------|--------------|----------------|---------------|----------------|
|           | <b>este</b> | <b>estes</b> | <b>esta</b> | <b>estas</b> |           | <b>ese</b> | <b>eses</b> | <b>esa</b> | <b>esas</b> |           | <b>aquel</b> | <b>aqueles</b> | <b>aquela</b> | <b>aquelas</b> |
| <b>de</b> | deste       | destes       | desta       | destas       | <b>de</b> | dese       | deses       | desa       | desas       | <b>de</b> | daquel       | daqueles       | daquela       | daquelas       |
| <b>en</b> | neste       | nesta        | nestes      | nestas       | <b>en</b> | nese       | nesa        | neses      | nesas       | <b>en</b> | naquel       | naqueles       | naquela       | naquelas       |

|           |             |            |               |           |                 |                  |                 |                  |           |                   |                    |                   |                    |
|-----------|-------------|------------|---------------|-----------|-----------------|------------------|-----------------|------------------|-----------|-------------------|--------------------|-------------------|--------------------|
|           | <b>isto</b> | <b>iso</b> | <b>aquilo</b> |           | <b>estoutro</b> | <b>estoutros</b> | <b>estoutra</b> | <b>estoutras</b> |           | <b>aqueloutro</b> | <b>aqueloutros</b> | <b>aqueloutra</b> | <b>aqueloutras</b> |
| <b>de</b> | disto       | diso       | daquilo       | <b>de</b> | destoutro       | destoutros       | destoutra       | destoutras       | <b>de</b> | daqueloutro       | daqueloutros       | daqueloutra       | daqueloutras       |
| <b>en</b> | nisto       | niso       | naquilo       | <b>en</b> | nestoutro       | nestoutros       | nestoutra       | nestoutras       | <b>en</b> | naqueloutro       | naqueloutros       | naqueloutra       | naqueloutras       |

|           |                |                 |                |                 |
|-----------|----------------|-----------------|----------------|-----------------|
|           | <b>esoutro</b> | <b>esoutros</b> | <b>esoutra</b> | <b>esoutras</b> |
| <b>de</b> | desoutro       | desoutros       | desoutra       | desoutras       |
| <b>en</b> | nesoutro       | nesoutros       | nesoutra       | nesoutras       |

Por exemplo:

- *Neste* momento estou deitado
- *Diso* non entendo nada
- A roupa está colgada *naqueles* cordeis
- O rapaz traballa *daquela* maneira

## Observacións

**Aquel** pode ter valor de substantivo e significar "*encanto, atractivo ... ou outras calidades que non se acertan a expresar*":

- Ese rapaz non é guapo, pero ten un *aquel*
- Subir ás figueiras sen que escachen as ponlas ten o seu *aquel*

**Daquela** ten dous valores:

- Adverbio de tempo "*entón, naquel tempo*": *Daquela* aínda non había televisión
- Conxunción: "*por conseguinte, polo tanto*": non estudias, *daquela* suspenderás

**Nisto, niso, nestas, con estas** pódense usar como locucións co significado de "*entón, nese momento, de repente, inmediatamente despois*":

- *Nisto* botouse a rir
- *Nestas* entrou seu pai
- Con *estas* agarrou e marchou

As palabras **aquelar** ou **aqueloutrar** pódense empregar para nos referirmos a algo que non somos quen de expresar coas palabras precisas. Teñen o significado que nós lle queiramos dar:

- Levei a moto o taller para que ma *aquelaran* ("amañaran")
- Encontreime onte co teu pai e moi *aquelado* ("con mala cara")
- *Aquelouse* todo porque lle dei a razón ("enfadouse")

## O POSESIVO

### Observacións

- O posesivo cando vai **diante dun nome ten que ir obrigatoriamente con artigo**: *o meu can; a túa casa*. Hai algúns casos que **non é obrigada** a presenza do artigo co posesivo:
  - Cos nomes de parentesco: *miña nai; nosos irmáns*.
  - En exclamacións: *¡Meu Deus!; ¡Meu amigo, así son as cousas!*.
  - Con nomes referidos a seres únicos ou a dignidades: *Nosa Señora do Carme; Súa Excelencia*
  - Nalgunhas frases feitas: *meu dito, meu feito*.
- Os xiros: **de meu, de teu, de seu, de noso, de voso, de seu** úsanse para expresar a pertenza exclusiva; así, a frase *Antón vive na súa casa* non quere dicir que a casa pertence a Antón; mentres que se dicimos *Antón vive en casa de seu*, estamos a dicir que a casa lle pertence. Outras veces, esas formas indican que unha calidade se ten por propia natureza: *O Carlos é bo de seu = Carlos é bo por natureza*.
- As formas **cadanseu/s, cadansúa/s** empréganse para lle adxudicar un obxecto a cada persoa, dentro dun grupo; ou cando se lles quere distribuír un número igual ou semellante de obxectos a varias persoas. Vai sempre ao lado do obxecto que se distribúe e nunca da persoa: *regaleilles cadanseu balón ós meus sobriños; repartín entre eles cadanseus caramelos*.
- As formas da primeira persoa poden indicar familiaridade ou afectividade: *o noso Xoán está a vivir en Santiago; o meu Paco ten moi boa man para a cociña*.
- Posesivo feminino detrás de determinadas locucións adverbiais: *pasou diante nosa* (de nós), *caeu enriba súa* (dela).

- Outros significados do posesivo. Funciona como posesivo:
  - **os meus, os teus, os seus, os nosos, os vosos** poden ter o significado de "a miña, a túa ... familia": *os meus veñen de vacacións en xullo.*
  - **as miñas, as túas, as súas, as nosas, as vosas** poden significar "as cousas, feitos ou trasnadas que adoita facer unha persoa": *o meu fillo xa fixo unha da súas, díxolle unha das súas e deixouno calado.*
  - **o meu, o teu, o seu, o noso, o voso** poden significar "o que me (che, lle, ...) gusta" ou "o propio, o natural de min, de ti, ...": *a pintura non é o meu.*
  - **O meu , o teu...** con verbos como comer, beber, facer toman o valor de "o que me corresponde": *xa traballei o meu, (ás veces toma o sentido adverbial de cantidade: bebeu o seu= bebeu bastante)*

## EXERCICIOS

**1.Fai oracións con todas as posibilidades de contraccións dos demostrativos**

**2.Di o valor do demostrativo nas seguintes oracións:**

1. Ten un aquel que namora.
2. Co aquel da festa non foi á clase.
3. Esa saída graciosa si que ten aquel.
4. Sempre tratou os libros con moita aquela.
5. Ese filme non ten aquela ningunha.
6. Hai que ver con que aquela trata o mozo.
7. É bo rapaz, mais ten unha aquela que o fai moi feo.
8. Coa aquela do accidente quedaron todos apesarados.
9. Iso non é un mozo, é un farrapo.

10. Daquela aínda ti eras pequena.
11. Cando veu daquela, estábache mellor conservado.
12. Daquela déixocho na conserxería.
13. Nisto deixou de chover e saíu o “Lourenzo” todo esplendoroso.
14. Nestas entra a directora de moi mal xenio.
15. Daquela imos hoxe ao teatro, ver unha versión de *O lapis do carpinteiro*.

### 3. Indica o valor destes posesivos

16. Sempre tiven coche de meu.
17. Este frigorífico custarache os seus cincocentos euros.
18. Xa andan os da clase do lado a facer das súas.
19. Polo que vexo, os teus nunca van ao fútbol.
20. Ese nunca chegará a ter casa de seu.
21. O Paulo xa che ten os seus vinte anos.
22. Meu queridiño, que mal o pasou!
23. Xa tomou as súas pastillas.
24. O meu Carliños aínda non vai á escola.
25. Os meus sempre van no verán á praia.
26. Aquel cativo era intelixente de seu.
27. Outra vez vén cos seus chistes baratos.
28. Temos dúas piscinas de noso.
29. Deica a Rúa hai os seus cen quilómetros.
30. Os seus non a deixan saír despois das dez da noite.
31. Non creo que volvan xa ao seu.